UNIDADE 5. ACTIVIDADES DE REPASO

- **Responde as seguintes preguntas:**
- **Cita algunhas palabras galegas relacionadas etimoloxicamente con ὅρος e πλευρά**
- **Busca palabras gregas relacionadas etimoloxicamente con *cenotafio, crematística, hipoxeo, pedagogo, poesía, tesouro.***
- **Busca palabras gregas relacionadas etimoloxicamente coas galegas: *cacofonía, acústica, hemeroteca, blasfemia, antropocéntrico*.**
- **Descubre con que palabras gregas están relacionadas etimoloxicamente as galegas: *endogamia, xinecoloxía, epistemoloxía, metropolitano, patroloxía***
- **Escribe algunhas palabras galegas relacionadas etimoloxicamente con καρδίαν, ψυχήν, βίον e οἴκους**
- **Define o significado de palabras galegas procedentes das gregas: ζῷα, ἐμπειρίας, τέχνῃ, μνήμης, πράγματος, ἐπιστήμη.**
- **Indica helenismos galegos relacionados con κενῷ e διαλυόμενα**
- **Define o significado de *parataxe, mesolítico, sistema e heteroxéneo*; logo busca palabras relacionadas etimoloxicamente con elas.**

GREGO II / Unidade 5. Actividades de repaso

SOLUCIONARIO

Responde as seguintes preguntas:

- **Cita algunhas palabras galegas relacionadas etimoloxicamente con ὄρος e πλευρά**

ὄρος, *montaña.* Con *orografía* (cun segundo elemento -grafía de –γραφία, da raíz de γράφω *escribir*), *'parte da xeografía física, que trata da descrición das montañas'* e *orográfico; oroxénese e oroxenia* (con segundo elemento γένεσις e γένος *orixe*) *'parte da xeoloxía que trata da formación das montañas''* e *oroxénico 'pertencente ou relativo á oroxenia'*. Todos os derivados anteriores son creacións da ciencia moderna, presentes en todas as linguas cultas, francés: orogénie, orographie; inglés: orogenesis, orogenic, orographic, orographical, orography; alemán Orogenese, Orogen, Orographie.

De **πλευρά**, *lado*, *costado,* temos en galego *pleura 'cada unha das membranas serosas que en ambos os dous lados do peito dos mamíferos cobren as paredes da cavidade torácica e a superficie dos pulmóns', pleural 'pertencente á pleura', pleuresía 'enfermidade que consiste na inflamación da pleura', pleurítico ''que padece pleuresía''* de πλευρῖτις, pleuritis 'inflamación da pleura' e *pleurodinia* cun segundo elemento ὀδυνή *dor 'dor nos músculos das paredes do peito''.*

- **Busca palabras gregas relacionadas etimoloxicamente con *cenotafio, crematística, hipoxeo, pedagogo, poesía, tesouro.***

Con **cenotafio** relaciónase τάφος, con **crematística** χρήματα, con **hipoxeo** ὑπόγαια, con **pedagogo** παίς παίδος, con **poesía** ποιέω e con **tesouro** θεσαύρος.

- **Busca palabras gregas relacionadas etimoloxicamente coas galegas: *cacofonía, acústica, hemeroteca, blasfemia, antropocéntrico*.**

Relacionada con **cacofonía** κακῶς, con **acústica** ἀκούω, con **hemeroteca** ἡμέρα, con **blasfemia** βλασφημία e con **antropocéntrico** ἄνθρωπος.

- **Descubre con qué palabras gregas están relacionadas etimoloxicamente as galegas: *endogamia, xinecoloxía, epistemoloxía, metropolitano, patroloxía***

Endogamia con ἔνδον, **xinecoloxía** con γυνή / γυναῖκα, **epistemoloxía** con ἐπισταμένην, **metropolitano** con μετρός e **patroloxía** con πατήρ πατρός

- **Escribe algunhas palabras galegas relacionadas etimoloxicamente con καρδίαν, ψυχήν, βίον e οἴκους**

Relacionados con **καρδίαν** *cardioloxía, miocardio, pericardio*; con **ψυχήν** *psique, psicoloxía, psiquiatría*; con **βίον** *anfibio, antibiótico* e con **οἴκους** *dioico, ecoloxía, economía.*

- **Define o significado de palabras galegas procedentes das gregas: ζῷα, ἐμπειρίας, τέχνῃ, μνήμης, πράγματος, ἐπιστήμη.**

De **ζῷα** *protozoo*, literalmente, "o primeiro animal", o ser vivo máis elemental, dunha soa célula, ou varias iguais sen chegar a formar tecidos, e o medio da cal é a auga ou lugares húmidos.

De **ἐμπειρίας**, *empirismo*, teoría filosófica que sostén que a experiencia é a única fonte de coñecemento.

De **τέχνῃ,** *técnica*, o relativo ás aplicacións das ciencias e as artes e ao conxunto de procedementos ou recursos que a serven.

De **μνήμης**, *amnesia*, perda total ou parcial da memoria.

De **πράγματος**, *pragmatismo*, pensamento baseado principalmente na utilidade e valor práctico das cousas.

De **ἐπιστήμη**, *epistemoloxía*, doutrina dos fundamentos e métodos do coñecemento científico

- **Indica helenismos galegos relacionados con κενῷ e διαλυόμενα**

κενῷ *cenotafio*.
διαλυόμενα *diálise*

- **Define o significado de parataxe, mesolítico, sistema e heteroxéneo; logo busca palabras relacionadas etimoloxicamente con elas.**

Parataxe, coordinación de elementos do mesmo tipo gramatical e igual función sintáctica. Relacionado con τάξις. Outra: sintaxe.

Mesolítico, período de transición entre o paleolítico e o neolítico, a característica xeolóxica máis significativa do cal foi a desaparición da última glaciación. Relacionado con μέσον. Outra: Mesopotamia.

Sistema, conxunto de regras ou principios sobre unha materia racionalmente enlazados entre si. Relacionado con σύστημα. Outra: sistémico.

Heteroxéneo, composto de elementos ou partes de distinta natureza. Relacionado con ἑτέρως. Outra: heterosexual.